

**GUÍA DE APOIO PARA INTRODUCIR A
PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA DA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

Ano 2014

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
MARCO LEGAL	6
COMO INCLUIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA	7
REPENSAR A PRÁCTICA DOCENTE	8
EN QUE NOS DEBERIAMOS FIXAR	9
ESTRATEGIAS PARA INCLUIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO	16
PARA REMATAR	21
BIBLIOGRAFÍA	22

INTRODUCCIÓN

A exposición de motivos da Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades destaca na súa exposición de motivos o papel da universidade como transmisora esencial de valores.

O reto da sociedade actual para alcanzar unha sociedade tolerante e igualitaria na que se respecten os dereitos e liberdades fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, deben alcanzar, sen dúbida, á universidade.

... a acción da universidade non debe limitarse á transmisión do saber; debe xerar opinión, demostrar o seu compromiso co progreso social e ser un exemplo para a súa contorna.

A igualdade entre homes e mulleres, ... é un valor que a universidade debe coidar de maneira especial.

Pola súa banda, a Universidade de Vigo comprométese no artigo 6 dos seus Estatutos «a promover a igualdade oportunidades entre homes e mulleres nas súas normas» e sinala como un eido que é preciso tratar «a promoción da perspectiva de xénero nos estudos e na investigación»

Segundo o Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo «constátase que, en xeral, a perspectiva de xénero non está incorporada na formación do alumnado. Esta carencia repercute negativamente na calidade da súa formación, no seu perfil profesional e, así mesmo, non seu desenvolvemento persoal.»

Por esta razón, o I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo dedica o seu obxectivo operativo 2 do eixe 3 a «Impulsar a incorporación da perspectiva de xénero na docencia»

O Protocolo de avaliación para a verificación de títulos universitarios oficiais da Red Española de Agencias de Calidade Universitaria, de acordo co Real decreto 1397/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, establece que

Os plans de estudos deben ter en conta que calquera actividade profesional se realiza: dende o respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, debendo incluírse, nos plans de estudo en que proceda, ensinanzas relacionadas cos devanditos dereitos.

Se consolida así o principio de que a ensinanza universitaria non pode ser excelente se non é igualitaria.

Desde a Unidade de Igualdade defendemos que, para incrementar a calidade universitaria, a perspectiva de xénero debe ser introducida no deseño dos programas, na forma de ensinar, nos sistemas de avaliación e nas estruturas académicas. A nosa proposta implicaría xerar materias nos plans de estudos dos diferentes graos e mesmo titulacións específicas así como incorporar

contidos en xénero en calquera materia de calquera plan de estudos. Esta última estratexia é na que se centra esta Guía. É responsabilidade de toda a comunidade universitaria que os plans de estudos que se ofertan na Universidade de Vigo non estean baleiros de contidos e competencias relacionadas coa igualdade de oportunidades.

Esta *Guía de apoio para introducir a perspectiva de xénero na docencia da Universidade de Vigo* invita a repensar a práctica docente e ofrece estratexias para incorporar a perspectiva de xénero na docencia cun obxectivo prioritario: facer das aulas espazos igualitarios e inclusivos onde se xere un coñecemento transformador que, unha vez transferido a calquera ámbito profesional, impulse os cambios necesarios para formar sociedades máis xustas e democráticas.

MARCO LEGAL

Existe un marco normativo e institucional que senta as bases para poder definir como docencia innovadora e de calidade aquela que se guía polo principio de igualdade de oportunidades e que introduce a perspectiva de xénero no seu deseño e práctica.

- Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia
- Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- Protocolo de avaliación para a verificación de títulos universitarios oficiais de grao e mestrado, de 4 de setembro de 2008.
- Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, da Xunta de Galicia polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo.
- I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade Vigo (2012/14) aprobado no Consello de Goberno realizado o 12 de novembro de 2012.

COMO INCLUÍR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA?

Catharine R. Stimpson [Stimpson, 1998] sinala que existen tres fórmulas de incorporar a perspectiva de xénero na docencia universitaria:

- Na oferta de títulos específico de postgrao ou mestrado como son os programas de Estudos das Mulleres, Feministas ou de Xénero.
- Na oferta de materias específicas dentro dun programa de estudos dun título non específico en xénero
- Incorporando as cuestións de xénero nos contidos en calquera materia de calquera plan de estudos.

Aínda que as dúas primeiras fórmulas son as idóneas para lograr unha docencia con perspectiva de xénero, dado que implican a outras instancias educativas, esta Guía, dirixida ao persoal docente universitario, está centrada na terceira, aquela que é responsabilidade única de cada docente. Nestas páxinas tratamos de ofrecer un espazo de reflexión sobre estes aspectos na práctica formativa e facilitar unha serie de pautas para favorecer a incorporación da perspectiva de xénero na docencia na UVigo.

Un dos primeiros puntos a ter en conta é revisar a propia disciplina. Cando se formula a introdución da perspectiva de xénero na docencia hai que considerar as competencias incluídas nunha materia, se esta ten algún nesgo de xénero e mesmo se sería oportuno introducir unha competencia específica en perspectiva de xénero. A selección de contidos dunha materia pode contribuír, sen pretendelo, á exclusión de alumnado e a difundir unha visión parcial e nesgada da historia ou o desenvolvemento dun ámbito de coñecemento.

Por outra banda, introducir na docencia a perspectiva de xénero de xeito eficaz non pode ser unha actuación unívoca, trátase dun proceso que ten que contar co lugar no que está o estudantado. Por tanto sería interesante, antes de deseñar as estratexias que se van empregar, coñecer de onde se parte e cales son os aspectos nos que hai que incidir. Algunhas fórmulas para levar a cabo esta primeira aproximación poden ser repasar termos e conceptos relacionados co xénero, debater un tema no que se traballe algún aspecto vinculado á discriminación ou realizar unha proba ou un traballo específico sobre o tema da igualdade de oportunidades.

REPENSAR A PRÁCTICA DOCENTE

Para comezar a reformularse a docencia dunha materia desde a perspectiva de xénero, cómpre ter claras unhas ideas básicas.

- O termo xénero non é sinónimo de mulleres. O xénero é un sistema de opresión, en intersección con outros sistemas, que outorgan sentido e significado ás relacións sociais e culturais.
- Cando se analiza a realidade das mulleres hai que ter sempre en conta factores sociais, étnicos, de orientación sexual, clase etc.. Por tanto hai que falar sempre de mulleres, en plural, e non da muller.
- O xénero, o sexo e a orientación sexual son elementos variables e as posibles formulacións destas combinacións son múltiples.
- É habitual que se produzan resistencias de grupos e sectores de interese que se deben aproveitar para enfrontalos de forma axeitada e non caer na desmotivación.
- O feminismo supón non reproducir relacións de poder.
- Unha fórmula de éxito para levar a cabo unha transformación fonda e innovadora é buscar o consenso antes que a maioría.

Introducir a perspectiva de xénero na docencia implica unha vontade real de transformación social. Calquera persoa pode reproducir -mesmo de forma inconsciente- prexuízos sexistas, racistas, homo/lesbo/bi/transfobos etc.

As aulas universitarias son espazos cunha clara responsabilidade social. A docencia ten un potencial enorme que é preciso aproveitar para loitar contra a desigualdade a través de mensaxes claras e firmes. Para alcanzar este obxectivo hai que desbotar formas de discriminación que reforzan a exclusión, a marxinação e a violencia simbólica contra as mulleres e o resto de persoas situadas nos lugares feminizados da sociedade patriarcal.

Calquera docente que queira afondar neste proceso debería formularse unha serie de preguntas que lle permitan reflexionar sobre onde se sitúa na súa práctica profesional con respecto á discriminación de xénero:

- Considero que o meu traballo como docente ten un impacto sobre o xénero? Qué actividades relacionadas coa docencia poden enriquecerse se incorporo a perspectiva de xénero?
- Qué quero transmitir ao meu alumnado? Qué clase de persoas quero contribuír a formar?

- Cales son as prioridades que establezo na docencia da miña materia? Teño en conta as achegas das mulleres? Transmito un coñecemento completo?
- Cal é o meu referente cando preparo unha materia? Penso nun colectivo masculino ou teño en conta tamén as alumnas e as persoas con identidades non normativas?
- A qué necesidades e intereses do alumnado deixo de dar resposta ao no incorporar o enfoque de xénero?

EN QUE NOS DEBERIAMOS FIXAR?

Nos seguintes apartados propoñemos algunhas preguntas para repensar aspectos concretos relacionados cos distintos ámbitos da docencia universitaria.

Os prexuízos sexistas e os estereotipos de xénero

Os prexuízos e estereotipos de xénero están compostos por unha serie de ideas impostas, simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre as características, actitudes e aptitudes das mulleres e dos homes. A forza de repetilos, estes prexuízos vólvense «verdades» que xeran estruturas de privilexio.

Segundo sinalan os estudos sobre pedagogía e xénero é habitual que o profesorado teña un comportamento diferencial [Dale e Sarah, 1993] fronte a alumnas e alumnos. Para poder valorar se estamos reproducindo un trato diferencial podemos formularnos cuestións como:

- Diríxome coa mesma frecuencia en clase a mulleres e homes?
- Formulo as preguntas do mesmo xeito a alumnos e alumnas?
- Teño en conta a miña linguaxe non verbal, para evitar miradas ou xestos que poidan alentar máis a participación masculina que a feminina?
- Sigo algunha tendencia nas interrupcións que lles fago aos e ás estudantes?
- Avalío e estímulo de xeito igualitario os traballos de alumnas e alumnos ou cando comentan ou responden algo durante unha sesión da materia?
- Sigo algunha pauta, por sexo, para facilitar oportunidades profesionais como presentación de comunicacións, investigacións, bolsas etc.?
- Que posición asumo se presencio comportamentos sexistas cara as estudantes ou persoas con identidades non normativas, se son interrompidas de forma sistemática ou se limita a súa intervención na clase?
- Cando me dirixo ao meu alumnado, respecto a identidade de xénero coa que se identifica cada estudante?

É moi importante ter en conta a atención e valoración que se lle da na aula a todo o alumnado. Todos aqueles aspectos que teñen que ver coas relacións co estudantado, as actitudes e os modelos presentes na aula e a construción de identidades que se está fomentando –o currículo oculto- pode exercer unha forte violencia simbólica e estrutural sobre aquelas persoas excluídas.

O tratamento da diversidade

É moi habitual que existan na aula preconcepcións en relación coa orientación sexual, a identidade de sexo ou de xénero de alumnado e profesorado e o mesmo sucede coa identidade cultural, étnica, relixiosa etc.. Estes comportamentos consolidan a idea dunha identidade única, aquela á que lle outorgamos visibilidade.

Cómpre avaliar a visibilización que se fai das diferenzas cando se imparte unha materia para o que se poden formular preguntas do tipo:

- Fago comentarios nos que dou por sentado que todas as persoas que están na aula son heterosexuais?
- Teño en conta a posibilidade de que na miña clase haxa persoas transxénero ou transexuais cando me dirixo ao alumnado?
- Inclúo temas e exemplos que teñan en conta outras identidades e que visibilicen o que estas persoas viven ou experimentan?
- Fago fincapé na existencia de diferentes identidades?
- Cuestiono as presenzas e ausencias que existen nos contidos e no canon da miña materia?
- Nas miñas explicacións distingo as consecuencias e implicacións que os feitos teñen nos diferentes colectivos de persoas? Cando o fago, pónoas en relación comparativa coas dos «homes» para sinalar os impactos diferenciados e as consecuencias?

Ignorar a presenza doutras identidades reforza a construción social das persoas como desiguais. Establecer este debate na aula pode servir para rachar coa ficción heteropatriarcal que divide á sociedade en dous grupos excluíntes, xerarquizados e contrapostos, creando un modelo social que dificulta a convivencia.

As aulas

A causa principal da violencia de xénero é a desigualdade e a fórmula a través da que se mantén é a indiferenza social e institucional. É habitual que consideremos a universidade como un espazo neutro, sen violencia de xénero, pero a realidade é que está invisibilizada e a maioría da comunidade universitaria ten dificultades para recoñecer como tales, situacións que si o son.

Hai algunhas cuestións que poden axudar a valorar se as aulas das materias que se imparten son espazos de igualdade e nos que hai unha postura clara fronte á violencia:

- Coido que non se fagan comentarios ou bromas que frivolicen sobre cuestións asociadas á desigualdade das mulleres ou dalgún outro colectivo?
- Como reacciono se observo condutas sexistas ou homo/lesbo/bi/transfobas na miña clase?
- Introduzo nas miñas clases a cultura da igualdade?
- Coñezo os protocolos de actuación contra a violencia de xénero?
- Estou alerta na aula para previr e intervir contra o *bullying* sexista, homofóbico, lesbofóbico ou transfóbico?
- Incorporo nas miñas materias capacidades e competencias para detectar calquera xeito de discriminación de forma autónoma e activa? E para detectar calquera tipo de violencia?
- Planifico actividades e contidos para reflexionar sobre a violencia simbólica?
- Cuestiono co meu alumnado as teorías que expresan ideas de supremacismo cultural no tratamento do xénero?
- Evito as relacións de poder e potencio o trato desde a igualdade?
- Participo no traballo de sensibilización contra o sexismo no meu ámbito de traballo?
- Posiciónome claramente en contra da violencia de xénero? Son consciente da amplitude da violencia de xénero?

Nas últimas décadas o movemento feminista logrou que se fixera explícito o rexeitamento á violencia contra as mulleres. No entanto, hai que ter en conta que a violencia de xénero vai máis alá da violencia física directa contra as mulleres e inclúe aspectos psicolóxicos, sexuais, simbólicos e estruturais. Tamén afecta a calquera persoa, muller biolóxica ou non, que non siga os mandatos de sexo ou xénero e está en intersección con outras opresións. É importante actuar tendo presente a diversidade e non esperar a que se dea unha situación controvertida na clase para comezar a tratala.

O androcentrismo

Como resultado de moitos esforzos e de anos de loita, a desigualdade formal xa non é tan habitual a día de hoxe. No entanto, se empregamos as «gafas violetas» e adoptamos un enfoque interseccional no ámbito do coñecemento seguiremos atopando, en moitas ocasións, elementos discriminatorios que manteñen un patrón cultural androcéntrico e heteropatriarcal.

Para identificar estes elementos pódense responder preguntas como:

- Son consciente das desigualdades que constrúe o xénero¹?
- Teño asumida unha linguaxe inclusiva?
- Cal é a miña actitude cara o traballo das mulleres na miña disciplina?
- Utilizo habitualmente fontes nas que as mulleres son autoras ou coautoras?
- Teño en conta a forma na que son incluídas as mulleres nos textos, investigacións e outros materiais de consulta das miñas materias? Aparecen, de xeito visible, persoas con identidades non normativas?
- Emprego a perspectiva de xénero como enfoque para analizar a historia, situacións da realidade, as teorías e os exemplos das materias que imparto?
- Visibilizo as experiencias, roles, actividades, problemas e achegas das mulleres e de persoas con identidades non normativas?
- Reviso que os enfoques teóricos que ensino non promovan prexuízos sexistas, homo/lesbo/bi/transfóbicos ou de calquera outro tipo?

Características do currículo androcéntrico (Moreno, 2000)

- **O nesgo lingüístico.** A maioría de libros, textos e materiais están escritos cunha linguaxe sexista.
- **Uso de estereotipos.** Uso e abuso dos estereotipos de xénero para definir a persoas e accións realizadas por un sexo ou outro.
- **Invisibilidade.** Baleiro de contidos referidos ás mulleres e ás achegas que realizan en todos os campos científicos e sociais ao longo da historia e na actualidade.
- **Desequilibrio.** Os materiais só presentan un punto de vista e esquecen outros: valoran de forma desequilibrada as relacións de poder político, económico e social deixando fóra a colectivos como a infancia, as mulleres, as persoas anciás ou as sometidas a escravitude e sobrevaloran as actividades realizadas polos homes.
- **Irrealidade.** O estudiantado percibe información suplementaria dos homes mentres que recibe moi pouca da realidade familiar, social ou laboral das mulleres, ignorando ou ocultando moitas das súas actividades.
- **Fragmentación.** Poucos textos fan referencia ás achegas históricas e actuais das mulleres en todos os campos científicos e cando o fan é un engadido inconexo e puntual ao texto básico

¹ A neutralidade de xénero consiste en asumir que todas as persoas, independentemente da súa identidade de xénero, viven de igual forma unha situación ou contexto. Isto tamén pode aplicarse ás diferentes identidades sexuais ou ás orientacións sexuais. Tamén implica unha sobrevaloración do masculino e, en consecuencia, a comparación do resto de identidades en función do que lles ocorre aos homes.

O discurso

A práctica docente universitaria non debería ignorar os cambios que se levaron a cabo nos últimos anos en torno ao uso da linguaxe inclusiva. A importancia desta cuestión require acadar un compromiso real de todas as persoas que forman parte da comunidade universitaria máis alá de declaracións e intencións institucionais.

Tamén a linguaxe icónica é importante para a comunicación e transmisión de ideas. A miúdo as imaxes reflicten unha idea estereotipada que mantén a división sexual do traballo e dos espazos, o que constitúe outro exemplo da violencia simbólica que sustenta a desigualdade.

Un xeito para comezar a encarar estes aspectos e poder valorar o grado de inclusión nos discursos que se levan a cabo nas aulas pode ser a través dos resultados de preguntas do tipo:

- Uso a linguaxe de xeito preciso tratando de visibilizar a todas as persoas implicadas?
- Corrijo ao meu alumnado cando empregan un falso xenérico masculino?
- Emprego materiais que fagan un uso igualitario do discurso, é dicir, que conteñan unha linguaxe inclusiva e imaxes equilibradas e non estereotipadas?
- Coñezo recursos suficientes para expresarme cunha linguaxe non sexista?
- Emprego material visual que normalice a presenza das mulleres, especialmente en contextos tradicionalmente masculinos?
- Presento nas miñas clases estratexias para facer un uso inclusivo da linguaxe?
- Potencio as lecturas críticas de imaxes e contidos violentos desde o punto de vista simbólico?
- Vixío a miña forma de comunicar e a miña linguaxe non verbal para non discriminar a ninguén?
- Facilito que nas miñas materias calquera persoa do alumnado poida atopar referentes con quen identificarse?
- Son consciente das posicións que ocupamos mulleres e homes nos espazos públicos?

Debemos ser conscientes de que a lingua non é só unha forma de conceptualizar o mundo tamén é unha forma de conformar a nosa percepción e a nosa actuación nel. O descoñecemento que causa a «dominación simbólica» [Bourdieu, 1991] fai que moitas veces o sexismo lingüístico non sexa premeditado, pero esa falta de intencionalidade non elimina as consecuencias deses usos nin a violencia simbólica que provoca.

² Un exemplo destas prácticas pode ser o uso de xestos, entonacións e modos de comunicación que ridiculizan e estigmatizan ás mulleres ou ás persoas LGTBIQ; empregar un ton de voz «paternalista» cando nos diriximos a unha muller, miradas ou xestos que incitan en maior medida a participación masculina, modulación inconsciente da voz de forma diferenciada (e ás veces burlesca) para reproducir o que di unha persoa determinada etc.

As competencias

O Espazo Europeo de Educación Superior puxo aínda máis en evidencia a necesidade de buscar conxuntamente unha maior calidade na transparencia, na adecuación aos obxectivos e na resposta ás necesidades da sociedade por parte do ensino universitario.

O desenvolvemento das competencias asignadas a cada materia é un proceso dinámico e continuo e debe ter en conta o alcance de coñecementos, habilidades, actitudes e responsabilidades por parte do alumnado. No proceso de introdución da perspectiva de xénero na docencia tamén hai que revisar a atribución de competencias de cada materia para reforzar todas aquelas que poidan contribuír a mellorar as formas de relacionarse en igualdade do alumnado.

Á hora de deseñar as competencias dunha materia con perspectiva de xénero cómpre ter en conta distintos factores para o que pode axudar reflexionar sobre as seguintes preguntas:

- Son as competencias específicas das materias que imparto coherentes cos principios de igualdade?
- En que circunstancias e en relación a que terá o alumando que facer servir os coñecementos adquiridos na materia? Con que habilidades terá que combinalos?
- Teño en conta a posibilidade de que na clase vai haber estudantes que non están capacitadas ou capacitados para tratarse en igualdade?
- Penso que debo incluír nos obxectivos da materia algunha referencia ao xénero ou considero que este tema debe quedar diluído entre os obxectivos da aprendizaxe?
- Hai probabilidades, cando o estudantado se incorpore ao mundo profesional, de que teña que traballar en equipo, considero que nas miñas clases adquieren habilidades para facelo e relacionarse respectando a diversidade?

A pouca presenza dunha metodoloxía con perspectiva de xénero consolidada nas nosas aulas universitarias facilita incorporar fórmulas novidasas e orixinais para introducir os conceptos básicos en materia de igualdade.

As titorías

No PAT (Plan de acción tutorial) da Universidade de Vigo preténdese ir consolidando unha liña de acción socio-educativa coherente coas necesidades do alumnado e alcanzando un axeitado equilibrio entre as súas expectativas e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

O Plan de acción tutorial apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación á aprendizaxe, á procura dunha igualdade de xénero etc, recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos como no sistema de garantía de calidade do centro.

No referente a este aspecto podemos tomar como base algunhas das cuestións formuladas no primeiro apartado que tratan sobre a influencia dos prexuízos sexistas e estereotipos de xénero na atención e tratamento que se dá a homes e mulleres cando se está impartindo unha materia; alén diso hai cuestións específicas que serven para recapacitar sobre o desenvolvemento das titorías como poden ser:

- Desboto os prexuízos de xénero no meu trato co alumnado e nas indicacións que lles fago?
- Naturalizo os roles e os estereotipos de xénero?
- Trato de distinto xeito situacións que son esencialmente idénticas, tomando como base o sexo da persoa ou persoas involucradas?
- Teño en conta a desigual incorporación de mulleres e homes ao mercado laboral cando trato este tema nas titorías?

Un dos obxectivos do Plan de acción tutorial é axudar o alumnado nas situacións persoais que dificulten o seu normal desenvolvemento da actividade académica. Esta directriz reforza a importancia de incorporar a perspectiva de xénero en todas as actividades asociadas á práctica docente.

ESTRATEGIAS PARA INCLUIR A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha vez se tomou un tempo para reflexionar sobre estes aspectos e se determinou o punto de partida pódense comezar a buscar fórmulas para corrixir todo aquilo que se detectou ou para mellorar a práctica cara unha docencia máis igualitaria e inclusiva. Cada docente pode experimentar e decantarse por aquelas estratexias que considere máis efectivas. Esta guía non pretende ser un traballo pechado senón unha oportunidade para cuestionarse a docencia desde unha perspectiva feminista

Propoñemos algunhas estratexias que se poden introducir na práctica docente para implicarse na igualdade.

Evitar a influencia dos prexuízos sexistas e estereotipos de xénero

- Establecer dinámicas para mellorar a participación das mulleres nas clases incentivando a súa toma de decisións ou a defensa das súas posturas.
- Fixar pautas para que se reparta do xeito máis equitativo posible as intervencións.
- Planificar actividades que poidan dar protagonismo ás estudantes facéndoas desenvolver algún papel activo.

É importante ter en conta que a participación das mulleres reforza os procesos de empoderamento xa que esa capacidade se transfere a outras esferas das súas vidas. Ademais, desde o punto de vista do grupo, coas achegas feitas polas alumnas conséguense mellorar os resultados no ensino xa que se incorporan outras perspectivas.

- Pór de manifesto como as diferenzas entre homes e mulleres e calquera outro suxeito nunha situación de desigualdade son produto de construcións sociais e non deberían implicar situacións discriminatorias.
- Abandonar as fórmulas impersoais ao dirixirse ao alumnado e falar en primeira persoa, que é unha fórmula para outorgar autoridade a quen falan a partir de si.

Contribuír á visibilización das diferenzas

- Incluir temas controvertidos referidos á diversidade nas exposicións que se fan na aula e non minimizar nin ignorar ningunha situación que poida afectar a calquera estudante.
- Empregar nos exemplos diferentes formas de conformar unidades de convivencia alén da familia heterosexual para representar a diversidade social.
- Empregar a linguaxe inclusiva que ofrece numerosas alternativas para visibilizar as diferenzas e amosar a heteroxeneidade.

Crear espazos de igualdade

- Abrir un debate para acordar co alumnado que as clases sexan espazos de rexeitamento das condutas sexistas ou homo/lesbo/bi/transfobas etc.
- Ter en conta as realidades minoritarias como poden ser as identidades trans para que non se dean casos de acoso.
- Evitar o uso de dobres sentidos ou xogos de palabras que poidan ter unha interpretación sexista ou discriminatoria con algún colectivo.
- Incorporar o seguimento e avaliación da perspectiva de xénero cunha análise cualitativa e cuantitativa. Prestar especial atención ao impacto que causa (centro, comunidade universitaria) e á opinión das persoas afectadas.
- Visibilizar, identificar e denunciar a violencia (física, psicolóxica, sexual, estrutural, institucional, simbólica ou en calquera outra vertente) para convertela nun problema prioritario que debe estar na axenda
- Optar por fórmulas máis participativas centradas no alumnado como son os seminarios, os traballos titorizados, o estudo de casos, as discusións temáticas, os grupos de discusión, as dinámicas, o xogo de roles, a elaboración e presentación de *posters* ou as mesas redondas.

Cómpre recalcar que no traballo en grupo debe evitarse a tendencia a que as alumnas se ocupen do traballo auxiliar, para impedir que se reproduzan roles de xénero.

- Promover e participar en redes para o intercambio de experiencias docentes que favorezan a integración da perspectiva de xénero na aula.

Fuxir da perspectiva androcéntrica

- Elaborar material docente que cuestione a perspectiva nesgada que se transmite na maioría das materias e que recompila argumentos para enfrontarse ao canon das diferentes disciplinas.
- Aproveitar situacións cotiás ou feitos da vida social para pór de manifesto a interseccionalidade das opresións.
- Visibilizar as experiencias, actividades, problemas e achegas das mulleres e de persoas con identidades non normativas mantendo unha perspectiva crítica para que non se converta nun simple engadido. Para iso é preciso describir e analizar estas realidades tanto separada como comparativamente coas dos homes, buscando marcar con énfase as súas interrelacións, impactos desiguais e implicacións.

- Empregar citas de mulleres e persoas de colectivos discriminados como referentes nos textos e materiais educativos, visibilizando así as súas contribucións.
- Incluír os nomes de pía das persoas responsables dunha autoría nas referencias bibliográficas para que se poida identificar o sexo das persoas autoras xa que as iniciais soen asociarse inconscientemente a autoría masculina.
- Fuxir do heterosexismo explícito ou implícito nas imaxes, nos contidos e na linguaxe. Evitar o uso de imaxes ou expresións que explicitan unha ríxida división sexual que non deixa lugar a outras identidades.
- Visibilizar a mulleres en ámbitos tradicionalmente masculinos e á inversa para rachar cos estereotipos.
- Incluír sempre nos contidos das materias a mulleres relevantes nese eido; achegas, necesidades e experiencias non androcéntricas e, por último, a historia das mulleres e outros colectivos invisibilizados na disciplina.
- Dar sempre datos desagregados por sexos e analizar as diferenzas e as semellanzas e as súas causas e consecuencias.
- Darlle relevancia á aprendizaxe e comprensión das relacións de xénero.
- Facilitar a aprendizaxe sobre as desigualdades, discriminación e violencia (simbólica, estrutural) cara as mulleres e o resto de suxeitos que non se axustan á norma sexo-xénero.

Á hora de visibilizar outros suxeitos é preciso facelo con perspectiva para, por exemplo, non incorporar so a unhas cantas mulleres famosas, xeralmente presentadas como «atípicas» ou meritorias por logros esperados só de homes ou para que a forma de sinalar unha orientación sexual non normativa non pareza un dato «morboso» e carente de contido. O interesante sería contribuír á creación dunha xenealoxía ampla e diversa na que cadaquén poida atopar os seus referentes e que axude a rachar co prexuízo heteronormativo.

As bibliotecas dos centros da UVigo dispoñen de material con perspectiva de xénero (código 396) que resulta moi útil para corrixir o androcentrismo. Asemade poden aumentarse estes fondos solicitando aos departamentos e ás propias bibliotecas libros con contidos específicos en xénero das materias que se imparten.

Incorporar un discurso inclusivo

- Elaborar material propio que siga criterios inclusivos en todos os factores do discurso, tanto na palabra como nas imaxes.
- Darlle o mesmo protagonismo gráfico a mulleres e homes.
- Amosar a pluralidade de homes e mulleres, en especial, destas últimas, fuxindo da sobrerrepresentación estereotipada de mulleres novas e atractivas.

- Aproveitar o material que non siga pautas igualitarias para explicar ao alumnado a presenza de estereotipos e a súa orixe.
- Recomendar a formación que imparten, en moitos casos de xeito gratuíto, a Universidade de Vigo, o Instituto da Muller e outros organismos comprometidos coa igualdade de oportunidades.

A Unidade de Igualdade editou unha ferramenta a disposición de toda a comunidade universitaria para mellorar o uso da linguaxe inclusiva. O *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario* está dispoñible, en formato electrónico, na páxina web da Unidade.

Competencias en xénero e igualdade

- Incorporar contidos relacionados con esta temática na programación dunha materia. Unha boa opción sería facelo ao comezo da docencia para que se interioricen desde o principio e se poidan reforzar no resto das sesións.
- Confeccionar o programa en xénero tendo en conta as suxestións do alumnado sobre os temas nos que queren incidir.
- Pór en práctica aqueles termos referidos á igualdade que se consideren máis acaídos para a materia aplicándoos en cada sesión docente.

O *Glosario de termos de políticas de igualdade e estudos en xénero* editado pola Unidade de Igualdade e accesible na súa páxina web, pode ser de axuda para levar a cabo esta práctica.

Estas serían formas horizontais ou transversais de introducir a perspectiva de xénero nos contidos que se imparten. O problema que presenta esta opción, como nos advirten Rocio Anguita e Luis Torrego [Anguita e Torrego, 2009], é que pode quedar limitado a algunha alusión xenérica sen contido concreto: non hai créditos asignados, non hai actividades relacionadas, non se atopa ningún contido relacionado na avaliación etc. Por tanto, cando se opte por esta solución, hai que ter un compromiso real e responsable e revisar que efectivamente se están incluíndo os contidos de xénero e igualdade de xeito transversal nas materias que se imparten.

- Incorporar unha competencia específica sobre perspectiva de xénero. Enrico Mora e argot Pujal [Mora y Pujal, 2009] recomendan que esta destreza inclúa habilidades instrumentais (cognitivas, lingüísticas, técnico-científicas e prácticas), interpersoais e persoais que faciliten a formación nesta perspectiva.
- Establecer un mínimo de contidos que se deben adquirir nas materias que se imparten en relación coas mulleres e outros colectivos en situación de desvantaxe.

Titorías igualitarias

- Pór en práctica habilidades básicas de comunicación. A escoita activa, a empatía e a asertividade poden servirnos para rachar coa norma heteropatriarcal e serven para a construción de diálogos que estean baseados no recoñecemento mutuo e o respecto.
- Aproveitar os achegamentos informais das titorías para falar co alumnado. Estes momentos poden servir para recompilar información sobre as súas necesidades, intereses, conflitos, discrepancias ou diferenzas.
- Resaltar, nas titorías, os puntos fortes e competencias, as alianzas e os comportamentos saudables para promover a autoeficacia, a autoconfianza e a autoestima das e dos estudantes e facilitar os procesos de empoderamento.

PARA REMATAR

A aplicación da perspectiva de xénero na docencia implica, como vimos nos apartados anteriores, unha acción reflexiva en todas as tarefas que se levan a cabo na impartición dunha materia. Consideramos que estes cambios na forma de entender e exercer a docencia son posibles desde o entorno máis inmediato, por iso facemos unha aposta por implementar unha docencia universitaria na Universidade de Vigo que contribúa efectivamente á redución das desigualdades. O obxectivo deste cambio de perspectiva é contribuír a que o alumnado adquira as competencias establecidas en cada materia cunha perspectiva crítica sobre os prexuízos, modelos de comportamento, crenzas e prácticas sexistas e aprenda coñecementos non nesgados.

Non só é importante porque a calidade do ensino será superior senón que tamén crea as posibilidades de mellorar as desigualdades e desenvolver mecanismos sociais de empoderamento.

BIBLIOGRAFÍA

ANGUITA MARTÍNEZ, Rocio e Luis TORREGO EGIDO (2009): «Género, educación y formación del profesorado. Retos y posibilidades», *Revista interuniversitaria de formación del profesorado*. Buenos Aires: Editorial Miño y Dávila.

BRINGAS LÓPEZ, Ana *et al.*(2012): *Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario*. Vigo: Unidade de Igualdade, Universidade de Vigo.

DALE Spender e Elizabeth Sarah (1993): *Aprender a perder. Sexismo y educación*. Traducción de Fernando Inglés Bonilla. Barcelona: Paidós Educador.

MORA, Enrico e Margot PUJAL (2009): «Introducción de la perspectiva de género en la docencia universitaria». Univest-II Congreso internacional: Claves para la implicación de los estudiantes en la universidad. Girona: Universitat de Girona.

MORENO, Emilia (2000). «La transmisión de modelos sexistas en la escuela». En Miguel A. Santos (coord.) *El harén pedagógico*. Barcelona: Graó. 11-32.

STIMPSON, Catherine R. (1998): «¿Qué estoy haciendo cuando hago estudios de las mujeres en los años 90?», en: Marisa Navarro y Catherine R. Stimpson (comps.). *¿Qué son los estudios de las mujeres?* México: Fondo de Cultura Económica, 127-165.

TRABA DÍAZ, Amada e VARELA CARUNCHO, Luz (2010): *Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo*. Vigo: Consello social, Universidade de Vigo.

Otras obras consultadas para a realización desta guía:

BOLAÑOS CUBERO, Carolina (2005): «La calidad universitaria desde una perspectiva de género», Actualidades investigativas en Educación. Revista electrónica. Universidad de Costa Rica.

[http://revista.inie.ucr.ac.cr/uploads/tx_magazine/calidd.pdf]

CCOO ENSEÑANZA (2013) *Revista Trabajadores de la Enseñanza*. Transexualidad, adolescencias y educación, número 343.

[http://www.fe.ccoo.es/comunes/recursos/1/pub95919_n_343._Mayo_de_2013.pdf]

FABRA, María Lluïsa: *Guia de bones pràctiques des d'una perspectiva de gènere. Introducció de la perspectiva de gènere en la docència universitària*. Observatori per a la Igualtat de la Universitat Autònoma de Barcelona e Institut Català de les Dones.

[http://Observatoridiagnostics.uab.es/Recursos/pps/Fabra_Guia_Bones_Practiques.pdf]

MOCHALES, Cristina: Planificar desde la perspectiva de género [En línea]. [<http://www.escueladefeminismo.org/spip.php?rubrique42>].

REBOLLO CATALÁN, M.^a Ángeles *et al.*(2011) «Diagnóstico de la cultura de género en educación: actitudes del profesorado hacia la igualdad», *Revista de Educación*, 335. 521-546.[En línea]. [http://www.revistaeducacion.educacion.es/re355/re355_22.pdf].

Universidade de Vigo

Unidade de Igualdade